

A Santi, Nerea e Marcos, por
inspirarme cada día e lembrarme
que todo é posible.

Silvia

Para Javi.
Mamen

Un traballo novo
Colección Miau

Primeira edición: novembro 2024
Título orixinal: Un trabajo nuevo

© Ediciones Jaguar, 2024
C/ Peñuelos 26 C. Local 17-18. 28005 Madrid
www.edicionesjaguar.com

© Texto: Silvia García, 2024
© Ilustracións: Mamen Marcén, 2024
© Tradución: Vanesa López García, 2024

📘 EdicionesJaguar
✉ @Ed_Jaguar
📧 edicionesjaguar
© ediciones_jaguar

THEMA: YBC
ISBN: 978-84-10208-13-1
Depósito legal: M-17097-2024
Impreso en España

TODOS OS DEREITOS RESERVADOS

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode realizarse coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei.

Diríxase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org)
se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra

UN TRABALLO NOVO

SILVIA GARCÍA
MAMEN MARCÉN



miau

Oíches algunha vez falar da Cidade de
Papá Noel no Polo Norte?

Aí vivo eu.

Chámome Tonttu e son un elfo. Seguro que
xa o adiviñaches pola miña curta estatura
e as orellas afiadas.





Ocúpome de axudar a Papá Noel cos máis de mil cincocentos millóns de cartas que recibe cada ano. Son tantas que fai falla un grande equipo de elfos para lelas todas. Xa non lembro cantos anos levo léndoas. Aínda que me gusta, teño unha sensación de baleiro que me crece no estómago, como se fose un globo a piques de estourar.

Oíches algunha vez falar do Departamento de Correos do Polo Norte? Aí traballo eu.



Oíches algunha vez falar do
Departamento de Inventos Élficos?
Aí quero traballar.



O día que meu pai comezou
a ter a vista cansa, fíxenlle
uns lentes reflectores que
lle permitían ler moi rápido
as cartas.



E cando a miña nai tivo
problemas coa contabilidade
de doces por mor do estrés,
argallei para ela un bolígrafo
de tinta móbil que facía que
non se trabucase nunca.

Foron moi bos inventos.